

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

16338 *Corrección de erros do Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.*

Advertidos erros no texto do Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 159, do 2 de xullo de 2009, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 6, artigo 5, punto 1.a), onde di: «... e transporte marítimo ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro,...», debe dicir: «... e transporte marítimo ou do título ou títulos que o puideren suceder en aplicación do disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro,...».

Na páxina 7, artigo 7, punto 1.a), onde di: «... e transporte marítimo ou do título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro,...», debe dicir: «... e transporte marítimo ou de diplomado en navegación marítima ou do título ou títulos que o puideren suceder en aplicación do disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro,...».

Na páxina 9, artigo 11, punto 1.a), onde di: «... de licenciado en máquinas navais ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro,...», debe dicir: «... de licenciado en máquinas navais ou do título ou títulos que o puideren suceder en aplicación do disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro,...».

Na páxina 10, artigo 13, punto 1.a), onde di: «... en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro,...», debe dicir: «... en aplicación do disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro,...».

Na páxina 10, artigo 14, punto 2.b), onde di: «... Igualmente poderá exercer como oficial de máquinas en buques mercantes...», debe dicir: «... Igualmente poderá exercer como primeiro oficial de máquinas en buques mercantes...».

Na páxina 12, artigo 16, punto 1.a), onde di: «... de licenciado en radioelectrónica naval ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro,...», debe dicir: «... de licenciado en radioelectrónica naval ou do título ou títulos que o puideren suceder en aplicación do disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro,...».

Na páxina 12, artigo 17, punto 1.a) onde di: «... de licenciado en radioelectrónica naval ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro,...», debe dicir: «... de licenciado en radioelectrónica naval ou de diplomado en radioelectrónica naval ou do título ou títulos que o puideren suceder en aplicación do disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro,...».

Na páxina 25, disposición adicional cuarta, punto 2.c) quinta liña, onde di: «... con posterioridade á obtención do título de mecánico maior naval...», debe dicir: «... con posterioridade á obtención do título de mecánico naval maior...».